escola municipal

HORTA Ecolóxica urbana

Concello Soutomaior

escola municipal
HORTA urbana
Ecolóxica

Concello Soutomaior

Un proxecto sostible, comunitario e de educación non formal

escola municipal
HORTA Ecolóxica urbana

Concello Soutomaior

Que é?

un proxecto de educación non formal para iniciarse no cultivo ecolóxico seguindo os principios da agricultura biodinámica que ofrece unha formación en diferentes niveis onde cada grupo participa durante un ano para así poder coñecer todas as fases da horta e os seus ciclos.

Póñéndose en valor o producto ecolóxico, de tempada e de proximidade e recuperándose a "cultura agrícola e de horta" conservando aspectos, usos e tradicións ligadas á nosa cultura rural.

escola municipal

HORTA urbana Ecolóxica

Concello Soutomaior

Traxectoria

O proxecto nace no ano 2017 e asignanse un total de 14 parcelas participando entre hortalanos/as e familias 38 persoas. En 2018 participan 11 hortelanos/as (37 persoas en total).

escola municipal

HORTA urbana Ecolóxica

Concello Soutomaior

Por que?

Nace a partir dunha reflexión sobre os cambios que o Concello de Soutomaior experimentou nos últimos anos; un cambio moi forte pasando de ser un Concello eminentemente rural onde a poboación vivía en casas e cultivaba as súas propias hortas a evolucionar cara unha sociedade cada vez máis urbana que vive en pisos.

Por outra banda, da necesidade de fomentar prácticas de consumo máis responsables e respetuosas co medio e, tamén, máis saudables que contribúan á reducción de residuos e á participación na composteira municipal da cal sae o abono que fertiliza o solo da horta.

escola municipal

HORTA urbana Ecolóxica

Concello Soutomaior

Que se ofrece?

- Experimentar novas formas de consumir
- Compartir saberes e experiencias
- Aprender a cultivar seguindo principios ecolóxicos e biodinámicos.
- Participar nun proxecto comunitario, colaborativo e interxeneracional
- Consumir produtos de autocultivo ecolóxicos e saudables

escola municipal HORTA Ecolóxica urbana

Concello Soutomaior

Aula Viva

Unha ferramenta educativa de aprendizaxe permanente baseado na construcción do coñecemento a través da práctica, e da experiencia en contacto coa terra onde se aplican saberes da bioloxía, das matemáticas, da tecnoloxía e da vida. Esencia, credibilidade, transversalidade.

escola municipal

HORTA Ecolóxica urbana

Concello Soutomaior

Tradición de Horta

Un espazo de reencontro coa natureza e coa cultura tradicional, valores e crenzas populares. Onde o interxeneracional constrúe unha ponte que fusiona o de antes co de agora construíndo un escenario onde convive harmoniosamente a tradición e o contemporáneo, o rural e o urbano.

escola municipal
HORTA Ecolóxica urbana

Concello Soutomaior

Productos ecolóxicos

Cultivar produtos kilómetro cero, de proximidade, con sementes propias que recuperen a identidade da zona. Que sexan sostibles co medio ambiente, non contaminantes, sen tóxicos, naturais e de calidade.

escola municipal
HORTA Ecolóxica urbana

Concello Soutomaior

Aproveitamento da tempada

Seguindo os ritmos da natureza , a súa biodiversidade e os procesos naturais de crecemento das prantas.
Recuperar a cultura agrícola como patrimonio cultural e social a conservar e protexer.

Recuperar o recetario tradicional e mesturalo coas novas tendencias consumindo alimentos que non respondan a caprichos atemporais.
Aplicar a biodinámica na sembra, laboreo, tratamento e recolección.

escola municipal

HORTA urbana Ecolóxica

Concello Soutomaior

Agricultura ECO ecolóxica

Baseada no aproveitamento dos recursos naturais para combater pragas e aumentar a fertilidade do chan. Cultivar sen recorrer a produtos químicos nin organismos transxénicos conseguindo unha maior sostebilidade do medio ambiente e un impacto mínimo.

escola municipal
HORTA Ecolóxica urbana

Concello Soutomaior

Cultivo responsable

Compromiso co medio, coas persoas e co planeta. Reducindo a contaminación e cambiando hábitos de consumo. Afianzando compromisos individuais e comunitarios. Fomentando o respeto, a tolerancia e a solidariedade.

escola municipal
HORTA Ecolóxica urbana

Concello Soutomaior

Alimentos Saudables

Elaborados de xeito artesanal e coidadoso conservando así a orixinalidade do seu sabor, aroma, textura e cor. Son produtos máis nutritivos porque conteñen niveis máis altos de vitaminas, minerais esenciais e antioxidantes, hidratos de carbono e proteínas. O noso organismo dixire mellor este tipo de alimentos.

escola municipal

HORTA Ecolóxica urbana

Concello Soutomaior

Compostera Municipal

Completando o ciclo e apostando por fertilizantes naturais de gran calidade. Facendo compost aforramos na recollida do lixo, contribuímos a reducir a contaminación e obtemos abonos que favorecen a actividade biolóxica das prantas garantindo a prevención de pragas e enfermedades vexetais.

escola municipal
HORTA Ecolóxica urbana

Concello Soutomaior

Quen pode participar?

Empadroados/as no Concello de Soutomaior
previa inscrición

escola municipal

HORTA urbana

Ecolóxica

Concello Soutomaior

Máis información:
na OMIX, Centro Multiusos, Arcade
Telf.: 986 700 822
Concellería de Educación
educacion@soutomaior.com

WWW.GABINETESOUTOMAIOR.COM
WWW.SOUTOMAIOR.COM